

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.****Un animal extraordinario**

O ornitorrinco é un dos animais máis estraños da natureza. Semella unha combinación de animais diferentes. Ten peteiro e pon ovos, pero ten o corpo cuberto de pelo e dálles de mamar ás crías.

**Onde vive?**

O ornitorrinco vive nas zonas cálidas de Australia e Tasmania. É un animal semiacuático, tímido e bastante difícil de observar.

Constrúe as goridas na orela dos ríos, xa que pasa a maior parte da vida nadando e buscando alimento. Cando sae á terra, camiña con dificultade, arrastrándose sobre o ventre.

**Como é?**

O corpo do ornitorrinco mide entre 30 e 45 cm. Está cuberto de pelos grosos e escuros, e, de forma, aseméllase á lontra; non obstante, o seu rabo lembra o do castor.

Ten a cabeza pequeniña e plana e un bico longo onde se atopan os orificios nasais. Os ollos son pequenos e están localizados nun prego que ten xusto detrás do morro.



As súas patas parécense ás dos réptiles, porque son curtas e non están situadas debaixo do corpo, senón aos lados. Tamén se parecen a algúns réptiles no feito de que os machos poden inxectar veneno para defenderse. Fano cun aguillón afiado que teñen nos nocellos posteriores.

Os últimos estudos sobre o ornitorrinco afirman que é un animal mamífero, un réptil e unha ave ao mesmo tempo. Sen ningunha dúbida, é un animal extraordinario!

**2** Contesta.


- Que información sobre o texto podes saber lendo só os títulos?

\_\_\_\_\_

- Que información lle engaden as fotografías?

\_\_\_\_\_

**3** Que datos do esquema poderías completar coa información que che dá o texto? Arrodeaos.



**4** En que se asemella o ornitorrinco a estes animais? Escribeo.



- A. \_\_\_\_\_
- B. \_\_\_\_\_
- C. \_\_\_\_\_
- D. \_\_\_\_\_
- E. \_\_\_\_\_
- F. \_\_\_\_\_

**5** Substitúe en cada oración a palabra destacada por unha das seguintes. Utiliza, se che còmpre, o dicionario.

buratos

temperada

situados

- O ornitorrinco vive nunha zona **cálida**.

---

- Os ollos están **localizados** nun prego xusto detrás do morro.

---

- No bico, atópanse os **orificios** nasais.

---

**6** Busca palabras de cada tipo no primeiro parágrafo do texto. Escribe unha sílaba en cada recadro e pinta a tónica.

POLISÍLABAS

--	--	--	--	--

--	--	--	--

--	--	--	--

TRISÍLABAS

--	--	--

--	--	--

--	--	--

BISÍLABAS

--	--

--	--

--	--

MONOSÍLABAS

--

--

--

**7** Describe un animal que che guste. Busca información en Internet e ordena as túas ideas a partir do esquema da actividade 3.

<hr/> <hr/> <hr/> <hr/>
-------------------------

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

**Conversas a distancia**

Viveiro, 10 de outubro de 2015

Estimado Uxío:

Como che vai? Espero que esteas moi ben. Escríboche porque tiña ganas de conversar un pouco contigo. Ben, conversar, conversar... por carta non se pode. Pero ti xa me entendes...

Non teño moitas cousas que contarche: vou ao colexio, fago os deberes e aínda vou ao tenis os luns, os mércores e os venres. Por certo, o outro día participei nun torneo e utilicei a túa xogada secreta. Lémbraсте? Ti sempre me gañabas grazas á túa xogada...

Ben, Uxío, outro día escribireiche outra carta. É que agora non sei que máis che hei poñer.

Un aperta do teu amigo,

Roi  


Londres, 14 de outubro de 2015

*Estimado Roi:*

*Aldeime moito de recibir a túa carta! Nunca ninguén me enviara unha. Só unha vez a miña amiga Carmela me mandou unha postal.*

*Si, é verdade, non sei como se di «teño ganas de conversar contigo» cando o que fas é escribir unha carta. (Agora río). Ah!, isoponse: he, he!*

*Eu tampouco sei moi ben qué contar. Como será que cando estamos xuntos non paramos de charlar e agora non sabemos que dicirnos? Debe ser que non estamos afeitos a comunicarnos por escrito.*

*En Londres vai frío e faise de noite axiña. Aínda non fixen amigos e estou un pouco desorientado. Supoño que aínda preciso un pouco máis de tempo, pois só hai un par de semanas que chegamos.*

*Outro día volvereiche escribir. Para ser as nosas primeiras cartas, non che teñen dúbida.*

*Aburiño e deica pronto!*

Uxío  


**2 Contesta.**

- Quen escribe a primeira carta? A quen lla escribe?

---

- Se as cartas tardan dous días en chegar ao lugar de destino, canto tempo tardou Uxío en contestar?

---

- Por que cres que lles custa escribir cartas a estes amigos?

---

- Pensas que Uxío está de vacacións? Que lle pasaría?

---

**3 Que diferenzas hai entre unha carta e unha postal? Escribe tres.**


---



---



---

**4 Marca o significado destas palabras. Se che cómpre, consulta o dicionario.**

Cuño:

- Pequena estampíña que se apega nas cartas coa que se paga o transporte.
- Personaxe malvado a quen non lle gustan os selos.
- Instrumento cun debuxo ou inscrición gravados para imprimilos en moedas, cartas, etc.

Remitente:

- Quen recibe unha carta pero non a abre porque lle dá preguiza lela.
- Quen fai un envío e escribe o seu enderezo na parte de atrás do sobre.
- Quen recibe unha carta.

Destinatario:

- Quen envía unha carta.
- Quen entrega unha carta no destino indicado.
- Quen recibe unha carta.

**5** Escribe outros tipos de documentos ou comunicacións que podes atopar dentro da caixa do correo da casa, á parte de cartas, e explica para que serven.

---



---

**6** Que palabras pode utilizar Roi para non repetir *dicir*? Completa os ocos cos verbos do recadro.

Uxío, onte estiven coa nosa amiga Raquel e **díxenlle** \_\_\_\_\_  
que me escribiras desde Londres.

Ela **díxome** \_\_\_\_\_ se xa fixeras amigos e eu **díxenlle**  
\_\_\_\_\_ que aínda estabas coñecendo xente.

- |           |
|-----------|
| preguntar |
| contar    |
| responder |

**7** Alonga esta oración engadindo polo menos unha palabra máis cada vez.

- Uxío escribume.
- Uxío escribume \_\_\_\_\_
- Uxío escribume \_\_\_\_\_
- Uxío escribume \_\_\_\_\_

**8** Que lle contarías a un amigo se estivese en Londres? Inventa e escribe unha carta.

Lémbtrate de poñer o lugar e a data, o saúdo, a despedida e a sinatura.

---



---



---



---



---



---



---



---



---



---

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**

**A festa do terror**

Púxose de moda unha maneira de divertirse nova: convidar os amigos a unha festa e converter o luscofusco no máis terrorífico da súa vida.

É a idea que tivo Ánxela Marín, unha actriz con moitos anos de experiencia no mundo do espectáculo.

**–En que consiste o seu traballo?**

–Unha persoa contrátame en segredo e convida un grupo de amigos á súa casa. Na metade da festa, chego coma se fose unha convidada máis e mestúrome coa xente. A partir dese momento, dedícome a asustalos

**–Como reaccionan as persoas?**

–Ao comezo sorpréndense moito, pero despois ven que son unha actriz e rin moitísimo. Con todo, máis dun saíu correndo, morto de medo.

**–Que fas para asustalos?**

–Levo arañas de plástico, unha cicatriz debuxada nun brazo... Non vos vou contar nada máis do meu traballo. Moitas persoas poderían ler os trucos e pode ser que os atope en calquera festa. O que vos podó asegurar é que teño moita imaxinación e que vin centos de películas de medo.

**–Como se lle ocorreu esta idea?**

–Todo comezou cando unha amiga me convidou a un hotel do terror. Eu non sabía nada e á noite comezaron a aparecer fantasmas e zombis que paseaban pola recepción e polo comedor. Ao comezo, asusteime, pero despois rin moitísimo; así que decidín facer unha cousa parecida. Pero nunca pensei que ía ter tanto éxito.





**2** Que tipo de texto liches? Márcao e explica como o sabes.

- Un poema.                       Unha peza teatral.                       Unha entrevista.

---



---

**3** A que momento do que explica o texto corresponden estes debuxos? Esríbeo.

**A**



**B**



**C**



A. \_\_\_\_\_

B. \_\_\_\_\_

C. \_\_\_\_\_

**4** Por que di estas palabras Ánxela Marín? Explica.

Non vos vou contar nada máis do meu traballo.

---



---



---

**5** Que anuncio pertence a Ánxela Marín? Márcao e subliña as palabras que che axudaron a recoñecelo.

**ANIMACIÓN DE FESTAS**

Ofrécese profesional cun longo percorrido no mundo da interpretación.

**AMBIENTACIÓN DE FESTAS**

Ofrécese profesional con moita experiencia no mundo da decoración.



**6** Forma o masculino ou o feminino das seguintes palabras.

actriz ▶ \_\_\_\_\_

cabalo ▶ \_\_\_\_\_

vaca ▶ \_\_\_\_\_

emperatriz ▶ \_\_\_\_\_

pintor ▶ \_\_\_\_\_

xuíza ▶ \_\_\_\_\_

**7** Escribe polo menos tres palabras da familia de *horror*.

Se o precisas, podes consultar o dicionario.

---

**8** Completa a texto do globo con *r* ou *rr*.



Non te \_\_ías. Esta seño\_\_a  
 é te\_\_o \_\_ífica. Leva a\_\_añas vivas  
 dentro da ca\_\_tei\_\_a e ten unha ma\_\_ca  
 estraña na ca\_\_a. Creo que é pa\_\_ente  
 de Drácula. Estou ate\_\_ada!

**9** A quen che gustaría entrevistar? Inventa dúas preguntas que lle farías e tamén as respostas correspondentes.

Podes elixir algunha destas ideas: un actor ou unha actriz que che guste, un personaxe dun conto, un amigo...

Entrevista a \_\_\_\_\_

— \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

— \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

— \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

### Un paseo pola cidade

Gústache viaxar? Se é así, tes que aprender a utilizar un plano. É a mellor maneira de saber onde se atopan os edificios, os monumentos e os lugares de interese dunha cidade. E, por descontado, o mellor xeito de saber como chegar.



- |                    |             |             |
|--------------------|-------------|-------------|
| 1. Catedral        | 3. Teatro   | 5. Hospital |
| 2. Museo da cidade | 4. Concello | 6. Estación |

**2** Onde che poderían dar este plano? Marca a resposta correcta.

- Nunha panadaría.
- Nunha oficina de turismo.
- Nun hospital.

**3** Contesta.

- Para que serven os números que hai no plano?

---

- Sabes como se chama a información que se atopa debaixo do plano? Arrodeao. Se o precisas, podes consultar o dicionario.

conto

historia

lenda

- Ademais dos que hai no exemplo da lectura, que outros edificios, monumentos ou lugares de interese se adoitan atopar nun plano? Escribe tres como mínimo.

---

**4** Sabes seguir as indicacións? Observa o plano e traza o percorrido que suxire este señor.

Atopámonos no museo da cidade. Para chegar onde ti queres, tes que coller a rúa da Paz e xirar á dereita pola rúa do Sol. Despois, tes que continuar recto e xirar na terceira rúa á man esquerda. Continúa por esta rúa e, ao chegar á rúa do Mar, xira cara á esquerda ata atopar a rúa Dereita. Desde alí, á dereita, poderás ver o edificio que buscas.



- Que edificio busca o turista?

---

**5** Cres que o señor indicou correctamente como se chega a este lugar? Traza un percorrido máis curto e escribe as indicacións novas.

---



---

- 6** O substantivo *rúa* significa 'vía de comunicación'. Escribe outros nomes que hai no plano e que tamén son vías de comunicación.

► Cal dos nomes que escribiches corresponde a esta definición? Consulta, se che còmpre, o dicionario.

Lugar amplo onde adoitan confluír varias rúas: \_\_\_\_\_

- 7** Coñeces palabras que se forman a partir do palabra *vía*? Escribe polo menos catro. Se che còmpre, utiliza o dicionario.

- 8** Observa este formulario e complétao cos datos do teu enderezo.

Nome da rúa: \_\_\_\_\_

Número: \_\_\_\_\_ Piso (letra, escaleira...): \_\_\_\_\_

Código postal: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_

► Pensa. Para que cres que pode servir o código postal?

- 9** Sabes o nome das rúas próximas á túa casa? Apréndeas e sigue as indicacións para debuxalas nun plano.

Comeza debuxando a túa rúa. Despois, debuxa e escribe os nomes de tres rúas máis, como mínimo.



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**

**Alicia Caediza**

Esta é a historia de Alicia Caediza, que caía sempre e en todos os lugares.

Un día, o seu avó buscábaa para levala ao parque:

–Alicia! Onde estás, Alicia?

–Estou aquí, avó.

–Onde?

–Aquí, dentro da botella. Tiña sede e caín dentro.

E alí estaba, nadando con toda a súa forza para non afundir. Sorte que o verán anterior aprendera a facer a ra na praia.

–Espera un momento, que agora te saco.

O avó meteu unha cordiña dentro da botella e Alicia agarrouna e subiu con axilidade. Era unha boa ximnasta.

Noutra ocasión, Alicia tamén desapareceu. Remexía o caixón dos manteis cando alguén o pechou sen decatarse de que ela estaba dentro.

Alicia atopouse ás escuras, pero non tivo medo. Unha vez caera dentro dunha billa, e alí si que estaba escuro.

Seus pais chegaron do traballo e rifáronlles aos avós:

–Xa vemos que ben a coidades!

–Os nosos fillos non caían dentro das billas –protestaban os avós. No noso tempo, só caían da camiña e levaban algún croquiño na cabeciña.

Que abrazos lle deron cando a atoparon! Pero Alicia aproveitou a ocasión para caer dentro do peto da chaqueta de seu pai, e cando a sacaron de alí xa tivera tempo de manchar toda a cara xogando co bolígrafo.



GIANNI RODARI. *Contos por teléfono*  
(adaptación)


**2** Que tipo de lectura é? Subliña a resposta correcta.

É un conto fantástico.

É unha historia verdadeira.

É unha noticia.

**3** Que pasa? Marca o debuxo que pertence á lectura.



► Explica por que non son verdadeiros os debuxos que non marcaches.

---



---



---



---

**4** Explica que quere dicir o apelido de Alicia. Despois, indica con que característica da protagonista garda relación ese apelido.

---



---

**5** Ordena estes sucesos tal como se presentan na lectura.

- Alicia cae dentro dunha billa.
- Alicia cae dentro dunha botella con líquido.
- Alicia cae dentro do peto da chaqueta de seu pai.
- Alicia cae dentro do caixón dos manteis.

**6** Le estas palabras do texto e contesta.

No noso tempo,  
só caían da camiña  
e levaban algún croquiño  
na cabeciña.

• Quen pronuncia esta oración?

\_\_\_\_\_

• Por que din estas palabras?

\_\_\_\_\_

• Que diminutivos hai no enunciado? Cópiaos.

\_\_\_\_\_

**7** Completa o cadro escribindo os diminutivos e os aumentativos de cada palabra.

	Diminutivo	Aumentativo
cadro		
pelota		
libro		

**8** Que lle podería pasar á protagonista da lectura se comese unha galleta máxica que a fixese medrar? Inventa e escribe unha anécdota.

Non esquezas incluír un título e utilizar algún aumentativo e diminutivo.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

**Coñeces o reino vexetal?**

Ponte a proba coa nosa sección científica!

Cal destas curiosidades cres que é falsa?



Moitas plantas das grandes pradarias da sabana teñen espiñas. Así evitan que os herbívoros as devoren.



Acacia africana

Algunhas plantas son venenosas para poder sobrevivir. Os animais saben que, se comen as follas, enfermarán.



Sabina

Hai plantas capaces de desprazarse cando as ameazan os depredadores, como a petunia móbil.



Petunia móbil

Algúns exemplares de plantas carnívoras poden chegar a alimentarse mesmo de pequenos roedores!



Nepentáceas da selva de Borneo



Le a solución e comproba se o acertaches.

Claro que si! A información sobre a petunia móbil é falsa. Que non te enganen, viches algunha vez unha planta que se desprace?

**2** En que tipo de publicación poderías atopar este texto? Arrodeáa.

revista de moda


revista infantil

enciclopedia

**3** Que plantas da lectura viven nestes ecosistemas?  
Escribe os seus nomes.



selva



sabana

**4** A que planta da lectura se refire cada afirmación? Relaciona.

As plantas utilizan os seus compoñentes tóxicos para defenderse do exterior.

•

• acacia

Aliméntanse dos insectos que quedan atrapados nas follas.

•

• sabina

A xirafa é moi hábil á hora comer as follas sen picarse.

•


• nepentácea

**5** Que dúas palabras do texto se refiren ao tipo de alimentación que teñen algúns seres vivos? Cópiaas.

► Escribe as letras que faltan para completar unha palabra parecida ás anteriores. Se che còmpre, consulta o dicionario.

O ser humano é O \_ \_ \_ \_ \_ O porque come alimentos tanto vexetais coma animais.

**6** Que fan estes animais? Escribe os verbos.



► A petunia móbil é unha petunia que camiña. Inventa outros nomes para esta planta imaxinaria a partir dos verbos que escribiches antes.

---



---

**7** A planta carnívora da lectura pode chegar a ser moi grande. Escribe unha oración de cada clase coas palabras que debeu dicir o explorador que a descubriu.

• Oración enunciativa:

---

• Oración interrogativa:

---

• Oración exclamativa:

---

**8** Le os datos sobre o saguaro e observa a fotografía. Despois, escribe un texto parecido aos da lectura inicial.

Nome: saguaro  
 Hábitat: deserto  
 Forma: columna  
 Almacena moitos litros de auga no talo.  
 Crece 10 cm ao ano.

---



---



---



---



---



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Corre cara ao quiosco!

**6-10 anos**


**NÚM. 1**

# Planeta viaxeiro

Cada número contén:

- ✓ Historia
- ✓ Ciencia
- ✓ Mundos distantes
- ✓ Curiosidades
- ✓ Pasatempos


Coa primeira entrega, agasallo dunha xirafa labrada nun poboado africano.




**TODA UNHA VIDA PROTEXENDO OS GORILAS**




Indíxenas da Amazonia





O paso do tempo



Revista quincenal. PVP: 5 €

Cada número inclúe un póster a toda cor e un agasallo.



**CORRE CARA  
AO QUIOSCO!**

**2** Que liches? Marca a oración correcta.

- É unha portada dunha revista.
- É un anuncio sobre unha publicación nova para rapaces prelectores.
- É un anuncio que explica o contido dunha revista nova.

**3** Completa a ficha sobre a revista.

Nome da revista: \_\_\_\_\_

Idade dos lectores a que se dirixe: \_\_\_\_\_

Seccións de cada número: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Outros elementos incluídos: \_\_\_\_\_

Frecuencia de publicación: \_\_\_\_\_

Lugar onde se vende: \_\_\_\_\_ Prezo: \_\_\_\_\_

**4** Cada canto tempo se publican estas revistas? Completa as oracións coas palabras adecuadas.

- anual
- trimestral
- semanal
- quincenal

- Esta revista publícase cada tres meses. É unha publicación \_\_\_\_\_
- Esta revista publícase cada semana. É unha publicación \_\_\_\_\_
- Esta revista publícase cada quince días. É unha publicación \_\_\_\_\_
- Esta revista publícase cada ano. É unha publicación \_\_\_\_\_

**5** En que sección da revista anunciada se atoparían estes temas? Escribe o nome.


- |                               |                      |               |
|-------------------------------|----------------------|---------------|
| O mono máis pequeno do mundo! | A vida de Tutankamon | Novos sudokus |
|                               |                      |               |
|                               |                      |               |

**6** Quen mercou a revista, a rapaza ou o rapaz? Como o sabes?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_


\_\_\_\_\_



**7** A que quiosco se referían? Completa o diálogo con formas dos demostrativos atendendo á distancia a que están os quioscos do debuxo.

–Mercaches a revista n\_\_\_\_\_ quiosco do fondo?

–Non, merqueina n\_\_\_\_\_ de aquí porque n\_\_\_\_\_ de alí non a tiñan.



**8** Completa as palabras destas oracións coas letras que faltan.

- Anita Saker pasou un ano prote\_\_endo a rexión onde viven os gorilas.
  - O meu tío traballa nunha a\_\_encia e organiza itinerarios para moita xente.
  - A foto das xeniais \_\_irafas deu a volta ao mundo.
  - Dirixímonos a facer a entrevista co representante do poboado indí\_\_ena.
- Subliña nas oracións outras palabras que conteñan o son do x de *xeranio*.

**9** Que revista che gustaría ler? Inventa unha portada.

Inclúe nela o seguinte: título, dous titulares e nome de tres seccións.

<p>_____</p>		<p><b>Seccións</b></p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p>
<p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p>	

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**

**A receita da formiga Catarina**

**Receitario *O formigueiro*, famoso no mundo enteiro**

Libro de receitas para as miñas estimadas amigas as formigas

**RECEITA DE MERENDA ENERXÉTICA**

(Especialmente indicada para días de esforzo, como os de recollida de alimentos no bosque)

Nivel de dificultade: fácil

**Ingredientes**

(Para un formigueiro de 30 habitantes aproximadamente)

Un pauciño de canela	1 gran de azucre
6 gotas de leite	Froita seca



**Preparación**

- 1.º Poña o leite e o pauciño de canela dentro dun bote de refresco humano e quénteo pouco e pouco. Sáqueo do lume antes de que ferva e repita o proceso durante quince minutos.
- 2.º Retire do lume o leite e o pauciño de canela. Cando o leite estea morno, bóteo dentro de media cuncha de abelá.
- 3.º Adóceo co gran de azucre e reméxao. Necesitará unha culler de pau co mango longo para que non se queime.
- 4.º Corte cunha serra un anaco de améndoa e outro de abelá. Daquela, píqueos ben cun martelo de pedra e engádalle o leite. É aconsellable que use guantes nas dúas patas dianteiras para non mancarse.
- 5.º Sirva en cuncas de madeira e adórneo con pequenos flocos de aveja.



En primeiro lugar, ofrézalle a exquisita merenda á formiga mestra.



**2** Escribe V (verdadero) ou F (falso).

- É unha receita sacada dun recetario da bolboreta Claudia.
- É unha receita para preparar un torta de chocolate escrita por unha formiga.
- Explica unha receita para un formigueiro de 30 habitantes.
- Dá información para preparar unha merenda enerxética.

**3** Utiliza toda a información verdadeira das oracións anteriores para resumir o contido da lectura.

---



---



---

**4** Que material fai falta para a elaboración da receita? Arrodeáo.

unha serra de cortar madeira	unha culler de pau co mango curto
unha paella	un martelo
un vaso de vidro	un garfo de pau
unha culler de pau con mango longo	un sombreiro de cociñeiro
unha cunca de madeira	un bote de refresco humano

► Que peza de vestir non é imprescindible pero se recomenda usar na receita?

---

**5** É verdade o que din as formigas? Explica por que.

Esta receita pódela facer calquera.

---



---



---



---

Hoxe non é un bo día para preparar esta receita. Temos que ir recoller froita seca.

**6 Volve ler a receita e contesta.**

- En que palabras a letra c representa o son Z? Copia cinco palabras.

\_\_\_\_\_

- Que outra letra representa o son Z? Copia tres palabras que o exemplifiquen?

\_\_\_\_\_

- Como se representa o son K? E o son G? Copia palabras que o exemplifiquen.

\_\_\_\_\_

- Coñeces algún outro son que se represente con máis dunha letra? Exemplifícao.

\_\_\_\_\_

**7 Escribe unha oración para cada un dos significados da palabra *receita*. Se che cómpre, utiliza o dicionario.**

**A**



A. \_\_\_\_\_

**B**



B. \_\_\_\_\_

**8 Como cambiaría a receita da lectura se a escribise un elefante? Escribe a lista necesaria de ingredientes e de material.**

Emprega a imaxinación porque non podes utilizar ningún aumentativo.

Ingredientes: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Material: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**

**Anfibios mecánicos**

Todos sabemos que os avións se desprazan polo aire; os coches, pola terra, e os barcos, pola auga; malia isto, esta clasificación cada vez é máis incompleta.

Os medios de transporte cambian. Nas cidades onde hai ríos ou canles navegables apareceu un vehículo curioso: o autobús anfibio. Podemos atopar este tipo de vehículo en cidades como Ámsterdam ou Budapest.

Este autobús está deseñado para circular polas rúas coma calquera outro, pero, ademais, flota e desprázase pola auga doce ou salgada coma un barco. É moi práctico porque pode atravesar ríos e evita dar unha gran volta para chegar ao lugar de destino.



O cambio dun medio a outro é moi suave. Os pasaxeiros comentan que case non notan nada cando o vehículo entra na auga.

O autobús pode transportar un máximo de 50 persoas e está equipado coma calquera outro. Ten aire acondicionado, cintos de seguridade, lavabo e televisión.

En caso de que se produza un accidente, estes autobuses levan chalecos salvavidas.

Ademais, o autobús anfibio é respectuoso co medio natural e cumpre a normativa europea de emisións de gases á atmosfera.

**2 Contesta.**

- Por que se chama *autobús anfíbio* este medio de transporte?  
\_\_\_\_\_
- Que vantaxes ten o autobús anfíbio en comparación cos outros autobuses?  
\_\_\_\_\_
- De que medidas de seguridade dispón este autobús?  
\_\_\_\_\_
- Cal das medidas de seguridade anteriores é propia dos autobuses convencionais? E dos barcos?  
\_\_\_\_\_

**3 Que significa a seguinte oración do texto? Marca a opción correcta.**

O autobús cumpre a normativa europea de emisións de gases á atmosfera.

- Que ten radio e emite cancións de moda en Europa.
- Que é un autobús normal coma os que circulan en Europa.
- Que non supera o nivel de contaminación admitido en Europa.

**4 Quen se equivoca? Contesta e explica como o sabes.**



O autobús tamén pode desprazarse polo mar.



Non, só pode ir polos ríos e polas canles.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**5 Que outros medios de transporte coñeces? Escribe un exemplo en cada caso.**

Desprázase por terra

\_\_\_\_\_

Desprázase por mar

\_\_\_\_\_

Desprázase por aire

\_\_\_\_\_

**6** Que é un chaleco salvavidas? Descríbeo e di en que outros medios de transporte crees que é necesario. Se che cómpre, busca información en Internet.

---



---



---



---



---



---

**7** Completa as oracións cos adxectivos adecuados. Se che cómpre, usa o dicionario.

- O avión é o medio de transporte máis (lento / rápido) \_\_\_\_\_
- A autobús é un medio de transporte (colectivo / individual) \_\_\_\_\_
- O barco é un medio de transporte (terrestre / acuático) \_\_\_\_\_
- A bicicleta é un medio de transporte (ecolóxico / contaminante) \_\_\_\_\_

**8** Como sería un coche que puidese voar? Debúxao e escribe o anuncio.

Podes inventar o nome do vehículo, explicar como é e sinalar as vantaxes de usalo.

---



---



---



---



---

---



---



---



---